

## **POLÍTICA CORPORATIVA ANTICORRUPCIÓN DO GRUPO EUSKALTEL**

### **1. Obxecto e Ámbito de Aplicación**

O Grupo Euskaltel é o Grupo Empresarial composto por aquelas sociedades que, no sentido da Lei, forman parte dun Grupo mercantil cuxa entidade dominante é Euskaltel S.A. As referencias que, nesta política, se fagan ao Grupo Euskaltel ou a Euskaltel, deben entenderse de aplicación a todas e cada unha das sociedades individuais que o compoñen.

Este documento, que forma parte do Sistema de Goberno Corporativo do Grupo Euskaltel, desenvolve o Código Ético do Grupo no referente ás posibles situacións de corrupción e suborno que poidan afectar tanto aos membros do Consello de Administración de Euskaltel (os Conselleiros) como ás persoas que desenvolven a súa actividade profesional no Grupo Euskaltel (os Profesionais).

O obxectivo desta política é establecer os principios básicos que deben regular a actuación dos Conselleiros e os Profesionais do Grupo Euskaltel para eliminar calquera situación que poida considerarse como suborno ou corrupción no sentido da Lei e no sentido que se define neste documento. A actuación refírese a toda a actividade empresarial do Grupo Euskaltel, e en especial á prestación de servizos de Telecomunicacións.

Ante calquera de dúbida sobre o contido desta Política ou a súa interpretación e aplicación, pode accederse ao Responsable de Cumprimento Normativo do Grupo ou á Canle Ética.

Esta Política resulta de aplicación, do mesmo xeito, aos seus Socios de Negocio, definidos como aquela parte externa coa que o Grupo ten, ou propón establecer, algunha relación comercial, incluíndo, mais non limitándose, a clientes, consumidores, alianzas empresariais, socios de alianzas empresariais, membros dun consorcio, provedores externos, contratistas, consultores, subcontratistas, provedores, vendedores, asesores axentes, distribuidores, representantes, intermediarios e investidores. Aqueles Socios de Negocio do Grupo Euskaltel con terceiros baixo a súa supervisión empresarial deben velar polo cumprimento por parte daqueles desta Política, e reportar calquera sospeita de incumprimento das obrigacións contractuais ou de conduta ilegais.

### **2. Aprobación, Seguimento e Revisión**

Esta Política resulta de aplicación a partir da data da súa aprobación polo Consello de Administración, e é pública a través das intranets corporativas e das páxinas web de cada unha das empresas do Grupo Euskaltel.

O seu contido e aplicación son obxecto de seguimento polo Responsable da Función de Cumprimento Antisuborno, que leva a cabo revisións periódicas da mesma e propón, no seu caso, modificacións e/ou melloras, que deben ser aprobadas polo Consello de Administración.

### 3. Política

O Grupo Euskaltel declara expresamente, e de forma indiscutible que:

- non tolera, rexeita e prohíbe expresamente todo tipo de suborno e corrupción,
- está comprometido coa prevención, disuasión e detección de prácticas corruptas,
- a detección de prácticas irregulares de suborno e/ou corrupción, no seu caso, implica a realización das actuacións necesarias para o seu cesamento inmediato, así como a esixencia das responsabilidades que puidesen derivarse das mesmas.

O Grupo Euskaltel comprométese expresamente a cumprir:

- as leis antisuborno e anticorrupción que lle sexan aplicables,
- a normativa antisuborno e anticorrupción á que se someta voluntariamente, e
- os requisitos do Sistema de xestión antisuborno do que se dotou e a mellora continua do mesmo.

Esta Política está aliñada con referencias internacionais de prestixio sobre responsabilidade das empresas e políticas anticorrupción, como, por exemplo, as da OCDE, a Convención das Nacións Unidas contra a Corrupción (CNUCC), a Lei de Estados Unidos Contra Prácticas Corruptas no Estranxeiro (FCPA: Foreign Corrupt Practices Act) ou a Lei Antisuborno do Reino Unido (Bribery Act). Así mesmo, baséase no Código Penal español, que prohíbe condutas relacionadas co suborno e a corrupción, e fai seus os criterios fixados na norma ISO 37.001, sobre Sistemas de Xestión Antisuborno.

#### a. Definición de suborno e corrupción

- De acordo con referencias internacionais, enténdese por:

**Suborno:** o ofrecemento, promesa, entrega, autorización ou aceptación de calquera dádiva monetaria indebida ou de calquera outro beneficio ou vantaxe levada a cabo co fin de obter ou reter un negocio ou calquera outro beneficio ou vantaxe inapropiada.

O suborno con frecuencia inclúe: (i) o compartir parte do pagamento dun contrato adxudicado, xa sexa con gobernos, funcionarios de partidos ou empregados da outra parte contratante, ou con parentes, amizades ou Socios de negocio, ou (ii) utilizar intermediarios tales como axentes, subcontratistas, consultores ou outros terceiros, para canalizar pagamentos a gobernos ou funcionarios de partidos, ou a empregados da outra parte contratante, os seus parentes, amizades ou Socios de negocio.

**Corrupción:** o suborno, a extorsión ou instigación ao delito, o tráfico de influencias e o lavado de diñeiro proveniente desas prácticas.

- O Grupo Euskaltel implantou un Sistema de xestión de riscos penais no que especifica como se xestionan os riscos asociados aos delitos recollidos no Código Penal. Integrado neste Sistema, e para xestionar aqueles delitos do Código Penal asociados ao suborno e á corrupción, o Grupo implantou igualmente un Sistema de xestión de

antisuborno. No alcance deste último Sistema, a Función de cumprimento antisuborno inclúe eses delitos asociados ao suborno e a corrupción, delitos que identifica de acordo co contido do Código Penal, a xurisprudencia e a doutrina aplicables.

b. Criterios de actuación ante determinadas áreas de risco de corrupción

Sen prexuízo da aplicación dos principios de non tolerancia, rexeitamento e prohibición do suborno e a corrupción, o Grupo Euskaltel identifica, en liña co Programa anticorrupción de ética e cumprimento para as empresas da UNODC (Oficina das Nacións Unidas contra a Droga e o Delito) as seguintes áreas de riscos de corrupción, de especial tratamento pola súa banda:

i. Pagamentos de facilitación ou de aceleración

Os pagamentos de facilitación ou de aceleración son pagamentos pequenos, non oficiais e impropios, que se fan a un funcionario público para obter ou axilizar o desempeño dunha acción de rutina ou necesaria á cal ten dereito quen realiza o pagamento de facilitación, como a expedición de permisos, licenzas, autorizacións administrativas ou inspeccións asociadas á execución dun contrato.

Inclúese no concepto de «funcionario público» calquera persoa que traballe para, ou represente a, calquera organización governamental de calquera tipo ou calquera entidade participada por unha organización governamental de calquera tipo.

O Grupo prohíbe os pagamentos de facilitación ou de aceleración.

ii. Tipos especiais de gastos

• Agasallos, obsequios e atencións

Enténdese por agasallos, obsequios e atencións calquera entrega ou aceptación dun elemento, en calquera forma, con valor económico, incluíndo, sen carácter limitativo, obsequios, dádivas, gastos, entregas en metálico ou en especie, comidas, gastos de aloxamento e de viaxes, invitacións a eventos ou actos de carácter social, asistencia a conferencias, reunións, eventos de arte ou deportivos e/ou eventos de patrocinio corporativos. Inclúense igualmente baixo este concepto pagamentos realizados por servizos de calquera tipo, o reembolso destes servizos ou favores de calquera natureza, incluíndo a facilitación de postos de traballo a amizades e/ou familiares, así como oportunidades de negocio.

Os Conselleiros e os Profesionais do Grupo Euskaltel non deben ofrecer a terceiros, solicitar nin recibir de terceiros, agasallos, obsequios ou atencións que poidan alterar a súa imparcialidade, afectar á súa obxectividade, influír sobre eles nunha relación comercial profesional ou incumprir a normativa interna do Grupo ou do terceiro.

Aqueles agasallos, obsequios ou atencións que cumpran co parágrafo anterior e sexan recibidos ou entregados deben axustarse ao principio de proporcionalidade e aos usos habituais, utilizando, para iso, o seu valor económico a prezos de mercado.

En ningún caso a entrega ou aceptación de agasallos, obsequios e atencións debe utilizarse para obter vantaxes indebidas ou como subterfuxio para transaccións ilegais.

Ante situacións de dúbida sobre a aceptación ou o rexeitamento dun agasallo, obsequio ou atención, o criterio xeral é o de rexeitamento. En todo caso, o Responsable de Cumprimento Normativo (Compliance Officer) e a Canle Ética son as canles establecidas polo Grupo para resolver dúbidas sobre o que é aceptable. Calquera eventual imposibilidade de rexeitamento debe comunicarse ao Responsable de Cumprimento Normativo.

- Mecenados e Patrocinios

Os mecenados defínense como a protección ou axuda dispensada a unha actividade cultural, artística ou científica que non leva unha contrapartida por parte do beneficiario.

Os patrocinios defínense como apoios ou financiamento dunha actividade, normalmente con fins publicitarios. Aos efectos desta Política, enténdense por Patrocinios aqueles apoios económicos do Grupo Euskaltel para levar a cabo actividades artísticas, culturais, científicas, educativas, deportivas ou sociais co fin de promocionar, afianzar e/ou mellorar a súa imaxe e reputación e as súas relacións cos Grupos de Interese.

Os mecenados e patrocinios realizados polo Grupo Euskaltel son un modo de expresión do seu compromiso e responsabilidade coa sociedade e teñen como finalidade realizar achegas económicas aos patrocinados para que estes leven a cabo as súas actividades institucionais, corporativas, sociais, deportivas, culturais, científicas, sociais ou de índole similar a cambio de colaborar mediante accións publicitarias no reforzo da imaxe e marca do Grupo Euskaltel e doutras contraprestacións.

O Grupo Euskaltel só realiza patrocinios e mecenados compatibles con criterios de selección obxectivos, razoables, transparentes, aliñados cos seus valores corporativos e a súa estratexia e encamiñados a desenvolver e fortalecer a marca e o negocio do Grupo Euskaltel.

O Grupo Euskaltel só realiza mecenados ou patrocinios coa previa aprobación do mesmo, de acordo coa normativa e procedementos internos aplicables.

- **Conflictos de Interese**

Prodúcese unha situación de conflito de interese cando o interese persoal do Conselleiro ou do Profesional do Grupo Euskaltel poida entrar en colisión, de maneira directa ou indirecta, co interese do Grupo Euskaltel.

O Grupo dispón dunha Política Corporativa sobre Conflictos de Interese de aplicación nestas circunstancias.

c. Outras áreas de risco de corrupción consideradas

i. **Rexistros contables e información oficial**

Entre os Principios Básicos de actuación do Grupo Euskaltel recollidos no seu Código Ético está o de elaborar a súa información económico-financeira de maneira fiable en base aos principios de existencia e ocorrencia das transaccións e integridade da información.

Na elaboración da súa información financeira aplícanse os principios de valoración, presentación, detalle, comparabilidade e reflexo dos dereitos e obrigas, de acordo coa lexislación aplicable.

Aos efectos de elaborar a información financeira, o Grupo Euskaltel mantén controis contables internos adecuados, co obxectivo de que as transaccións que realiza se reporten e reflectan de maneira precisa e apropiada nos rexistros contables e na información oficial. Así, a documentación soporte da información financeira non recolle rexistros ou declaracións falsas nin enganosas, e non se rexistran de forma intencionada transaccións de forma equívoca no relativo a contas contables, períodos contables ou calquera outro elemento relacionado.

O Grupo Euskaltel dispón de documentación co detalle suficiente para soportar as transaccións realizadas e esta documentación consérvase durante o tempo legalmente establecido.

ii. **Socios de Negocio**

O Grupo Euskaltel actúa de maneira honesta e íntegra en todas as súas relacións comerciais cos seus Socios de Negocio.

As contratacións realizadas polo Grupo Euskaltel realízanse sempre garantindo a equidade na selección dos adxudicatarios e os pagamentos asociados á subministración ou as prestacións de servizos non implican ningún tipo de incentivo para actuar de maneira contraria aos valores e principios básicos do Código Ético do Grupo Euskaltel ou a esta Política.

O Grupo Euskaltel analiza, de maneira razoable e proporcionada, a situación legal e financeira dos seus Socios de Negocio, e esíxelles o estrito cumprimento da lexislación antisuborno que sexa de aplicación para eles.

### iii. Prácticas antitrust

Enténdense por prácticas antitrust aqueles acordos en virtude dos cales dúas ou máis empresas se unen para restrinxir a competencia.

O Grupo Euskaltel prohíbe e rexeita as prácticas antitrust de calquera tipo, sexan en forma de acordos e prácticas comerciais que restrinxan a competencia ou en forma de abusos de posición dominante.

## **4. Función de Cumprimento Antisuborno do Grupo Euskaltel**

O Responsable de Cumprimento Normativo do Grupo Euskaltel inclúe entre as súas funcións a de cumprimento antisuborno e está dotado da suficiente autoridade e independencia no exercicio da súa actividade.

Actuando co perfil de función de cumprimento antisuborno, corresponde ao Responsable de Cumprimento Normativo a correcta aplicación desta Política, así como a xestión e revisión do Sistema de xestión antisuborno.

## **5. Canle Ética**

O Grupo dispón dunha Canle Ética á que se pode acceder para aclarar dúbidas, realizar consultas e/ou comunicar calquera actuación contraria aos valores e principios básicos do Código Ético do Grupo Euskaltel ou a esta Política, garantindo en todo momento a confidencialidade de quen realice a comunicación, así como a non adopción de medida disciplinaria algunha respecto de comunicacións realizadas de boa fe.

## **6. Réxime disciplinario**

O incumprimento desta Política, debidamente acreditado e cualificado, pode ter como consecuencia a esixencia de responsabilidades e/ou sancións derivadas da lexislación aplicable, da normativa incluída no Sistema de Goberno Corporativo do Grupo Euskaltel e/ou, do Réxime Disciplinario establecido no Convenio de Empresa correspondente.

Esta Política Corporativa foi aprobada polo Consello de Administración de Euskaltel, S.A. o 17 de decembro de 2019.